

A descuberta da presenza humana no noroeste

RAMÓN FÁBREGAS VALCARCE¹

ARTURO DE LOMBERA HERMIDA^{1,2}

Resumo: Os estudos do Paleolítico en Galicia gozan dunha longa tradición pero cun marcado carácter descontinuo e irregular. Os avances realizados nas últimas décadas permiten articular a secuencia do poboamento paleolítico do Noroeste e estudar a evolución tecnolóxica, económica e cultural das comunidades de cazadores recolectores dende mediados do Pleistoceno medio ata os momentos iniciais do Holoceno.

Palabras Chave: Galicia; Paleolítico; Pleistoceno; Tecnoloxía lítica; Arte prehistórica; Datacións.

Abstract: *Paleolithic studies in Galicia started a long time ago but had suffered from their discontinuous character. The researches carried through the last decades allow the establishment of a sequence of the Paleolithic settlement in NW Iberia and the approach to the technological, economic and cultural evolution of the hunter-gatherer societies from the mid Middle Pleistocene until the beginning of the Holocene.*

Keywords: *Galicia; Paleolithic; Pleistocene; Lithic Technology; Prehistoric Art; Datings.*

¹ Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste (GEPN). Dpto. de Historia 1, Universidade de Santiago de Compostela. Praza da Universidade, n.º 1, CP: 15782. Santiago de Compostela. Email: ramon.fabregas@usc.es

² Institut Català de Paleoecologia Humana i Evolució Social (IPHES). Àrea de Prehistoria, Universitat Rovira i Virgili. Email: alombera@iphes.cat

1. Introducción

A investigación do Paleolítico foi durante moito tempo unha especie de «parente pobre», incapaz de atraer recursos humanos ou materiais na mesma medida que o fixeron outras etapas ou fenómenos da Prehistoria galega, como a cultura castrexa, o megalitismo ou os petroglifos. A pescuda sobre o primeiro poboamento do noso país, malia os seus precoces inicios no último terzo do s. XIX, estará eivada pola súa cativa institucionalización, o que conduce a un desenvolvemento espasmódico, marcado á súa vez pola falta de obras de referencia equiparables ás producidas por F. L. Cuevillas, F. Maciñeira ou Sobrino Buhigas sobre outros aspectos da arqueoloxía galaica.

Unha serie de condicións de partida eivan o progreso do coñecemento sobre o Paleolítico en Galicia. O condicionante orográfico e litolóxico é moi importante xa que, a diferenza do que acontece noutros lugares da Península, a escaseza de cursos fluviais de certa entidade e o encaixamento que sofren durante grandes tramos non son favorables ao desenvolvemento de grandes formacións e secuencias de terrazas e depósitos aluviais (Miño, Tambre...). Do mesmo xeito, obra a escaseza de grandes bacías sedimentarias con amplos rexistros sedimentarios pleistocenos conservados, o que restrinxe considerablemente as áreas de prospección para a localización de xacementos ao aire libre.

Outros factores inflúen, principalmente, na preservación e calidade do rexistro arqueolóxico impedindo acadar un alto grao de definición, xa

sexa pola presenza dun rexistro parcial ou truncado (maioritariamente só elementos líticos), ou un forte grao de alteración ou erosión das camadas arqueolóxicas que dificultan unha correcta interpretación contextual destas. O principal problema co que nos atopamos é a presenza dun substrato predominantemente acedo que imposibilita a conservación do material orgánico (ósos, madeira, hasta), respectando só unha esfera da cultura das sociedades paleolíticas, a súa industria lítica. Este feito non só condiciona á calidade do rexistro, senón que repercutirá directamente na faceta investigadora, potenciando os estudos tipolóxicos en contra dunha interdisciplinariedade necesaria neste tipo de estudos. Como veremos logo, o gran peso que acada na investigación o estudo da industria lítica suporá unha serie de problemas metodolóxicos que levará á adopción de certos paradigmas historiográficos cuxa vixencia perdurará ao longo de moitas décadas.

Un segundo factor é a cuberta vexetal abundante que, por unha banda, agocha os restos ao aire libre dificultando moito os traballos de prospección superficial e a localización de xacementos en posición estratigráfica e, pola outra, provoca alteracións nas camadas superficiais pola acción das raíces, especialmente en abrigos ou lugares ao aire libre cunha escasa potencia sedimentaria. A orografía do terreo galego, xeralmente ondulada, unida á importancia dos factores erosivos (augas superficiais, dinámica de pendentes) provoca serias complicacións na preservación dos xacementos ao aire libre. A ampla extensión do substrato granítico no NW peninsular, cun alto grao de alteración, acedume e incidencia dos procesos erosivos, non permite unha conservación óptima dos xacementos que aparecen, na maioría das veces, en posición secundaria asociados a niveis coluviais ou a pequenas cubetas, ás veces mesturando varios conxuntos de diferentes cronoloxías, como pode ser o caso da Piteira (Ourense) (COSTA *et ál.*, 1998; de LOMBERA, 2005). Outras veces, a incidencia desas crises erosivas pode provocar o desmantelamento completo dos restos de ocupacións (LLANA *et ál.*, 1992)

Finalmente, os terreos calcarios, concentrados na franxa montañosa oriental, apenas supoñen un 0,5% do territorio galego, o que implica que as cavidades cársticas coas súas boas condicións

de fosilización teñen unha distribución moi limitada. A súa importancia radica en que os hábitats nesta zona poden ofrecernos aqueles aspectos que os asentamentos ao aire libre non recollen: a conservación dos vestixios orgánicos. Isto permitirá obter información máis completa acerca da reconstrución paleoambiental, as estratexias de explotación do medio e a subsistencia, aspectos sociais, cronolóxicos, e incluso simbólicos das súas sociedades (no caso de aparecer mostras de arte parietal ou moble). A alternativa ás covas vén dada polos abrigos nas zonas de penedos, que se ben abundan en todo o país, presentan unhas condicións de habitabilidade e, sobre todo, de protección dos depósitos arqueolóxicos moito máis limitadas (LLANA *et ál.*, 1992).

Ultimamente, estes condicionantes non só afectan á preservación dos xacementos, senón que repercuten nos enfoques metodolóxicos da investigación. A escasa preservación de elementos orgánicos e carbonatos nos rexistros, unida a un contexto sedimentario problemático na maioría dos xacementos e o escaseza orzamentaria das investigacións, constituíron un problema grande á hora de obter datacións absolutas. Deste xeito, o peso das adscricións cronolóxicas, seguindo a periodización clásica, recaeu sobre os conxuntos líticos. Os estudos, cun marcado carácter tipolóxico, centráronse na adscrición cronocultural dos xacementos aplicando as tipoloxías ao uso baseadas nas secuencias francesas nun material, o sílex, moi escaso, por non dicir que ausente, no noso territorio. É neste punto onde o condicionante litolóxico xoga un papel importante, xa que os conxuntos líticos están realizados en materias primas locais (seixo, cuarcita, etc.) cunha menor aptitude para a talla e estandarización morfolóxica. Esta diferenza con respecto ás secuencias clásicas, malia ser considerada polos estudiosos, xunto coa recorrencia excesiva ás datacións ou seriacións de carácter relativo, foron as que marcaron o carácter «atípico» do Paleolítico galego, cualificativo que aínda subxace nalgunhas das obras. Esta *demarche* investigadora e institucional, xunto coa serie de condicionantes naturais, será a culpable de que o estudo das sociedades paleolíticas do NW peninsular non acade o mesmo grao de coñecemento que noutras partes da Península Ibérica, nomeadamente na veciña Cornixa cantábrica.

O territorio galego, por contraposición con outras áreas peninsulares, presenta unha morfoloxía fortemente compartimentada e se ben non posúe grandes elevacións, estas concéntranse nunha banda oriental que illa Galicia da Meseta. Outra cadea montañosa (Dorsal Galega) separa as comarcas costeiras da bacía interior regada polo Miño. A pesar destas barreiras xeográficas, a comunicación co exterior segue tres eixes fundamentais: a Depresión Meridiana, en sentido N-S, a rasa cantábrica en dirección E-W e o val do Sil, cunha orientación semellante. A súa importancia non só radica nas posibles vías de entrada e tránsito do NW, senón que, a teor dos vestixios arqueolóxicos, xogan un importante papel no tránsito entre a Cornixa cantábrica, a Meseta e a fachada Atlántica. Rutas naturais e de longo percorrido que mudaron abríndose, pechándose, indo nun sentido ou noutro, xogando coas variacións climáticas acaecidas durante o Pleistoceno. As dúas primeiras vías probablemente verían magnificado o seu papel durante os períodos estadiais, cando a regresión mariña deixa ao descuberto parte da plataforma continental, con amplas praderías e zonas refuxio que permitiron a entrada de especies animais e vexetais en sentido N-S e E-W (GRANDAL *et ál.*, 1997). A ruta do Sil, en cambio, veríase dificultada durante os períodos glaciais, con presenza de sedimentos periglaciais a pouca altura con respecto á canle actual.

Os últimos estudos paleoclimáticos rexionais indican un glaciario moito máis desenvolvido do que se pensaba e os ríos de xeo semellan ter acadado cotas tan baixas como os 600 m na serra da Capelada (N da Coruña) ou os 1000 m na Dorsal Galega. Pero fóra das áreas cubertas polo xeo hai amplas zonas afectadas por fenómenos de tipo periglaciario, especialmente intensos durante o Máximo Glaciario (hai uns 20.000 anos) que indican unhas condicións climáticas frías e rígoras no interior de Galicia (PÉREZ *et ál.*, 1993). A fronte Polar atopábase canda Fisterra, e durante os invernos a banquisa chegaba ata o Cabo de Estaca de Bares. As análises polínicas amosan un dominio das praderías e breixeiras nestes paisaxes do interior, quedando os bosques reducidos a pequenas zonas refuxio, especialmente na zona litoral e sublitoral (GÓMEZ *et ál.*, 2008; RAMIL *et ál.*, 2005/2006; RAMIL & FERNÁNDEZ, 1996).

Os cambios climáticos do Pleistoceno, non só condicionan a distribución das especies biolóxicas no territorio, fomentando o movemento ás zonas refuxio máis baixas e costeiras, senón que tamén supoñen un serio condicionante para a preservación do rexistro arqueolóxico. Nas covas situadas a grandes altitudes, como as da Serra do Courel, temos testemuña dos fortes procesos erosivos acaecidos durante a deglaciación que truncan os recheos antigos destas cavidades, imposibilitando, en moitos casos a súa conservación (FÁBREGAS *et ál.*, 2008). Posteriormente, eventos de carácter máis puntual (episodios Heinrich) téñense rexistrado en depósitos costeiros e do interior de Galicia, asociados a coluvións que desmantelan depósitos antigos (PÉREZ *et ál.*, 2009; COSTA *et ál.*, 2007; FÁBREGAS *et ál.*, e. p.), indicando a intensidade e a xeneralización destes fenómenos erosivos no territorio do NW. Estas crises erosivas afectan principalmente aos rexistros de xacementos ao aire libre ou situados en abrigos rochosos, truncando ou desmantelando na súa totalidade os recheos arqueolóxicos e causando unha perda de información moi importante para certos períodos da Prehistoria galega. O exemplo máis claro, para o que atinxe ao Paleolítico galego, é a ausencia de evidencias arqueolóxicas durante o máximo glaciario que, como veremos, podería estar relacionada coa falta de preservación dos rexistros arqueolóxicos deste período e non cun verdadeiro «baleiro po-boacional» do NW.

2. A traxectoria investigadora sobre o Paleolítico en Galicia

A investigación do Paleolítico en Galicia tivo un inicio bastante temperán, coa figura de J. Villaamil y Castro, quen na década dos 70 do s. XIX acomete o estudo de cavidades na provincia lucense aplicando uns principios e coñecementos daquela existentes nos países avanzados de Europa. Non obstante, estes traballos pioneiros e metodoloxicamente exemplares non agromarán como noutros lugares a causa de diversos factores, como a vixencia na USC dos postulados antievolucionistas durante o s. XIX, pero tamén polo desinterese dos sectores laicos

polas evidencias arqueolóxicas non vinculadas ás «raíces célticas» de Galicia, tema que centrará a investigación prehistórica nos comezos do século XX (LLANA, 1990). Haberá que agardar entón aos anos 20 coa visita a Galicia no ano 1923 de Hugo Obermaier para que renaza o interese sobre as primeiras sociedades do NW. Será en Portugal onde os investigadores recollan a testemuña (Fontes en 1924, o Padre Jalhay...) seguidos logo por investigadores galegos (Mergelina, etc...), centrados todos na problemática das industrias de cantos tallados do Baixo Miño, converténdoo no principal foco de estudo da investigación Paleolítica ata a actualidade.

A pesar deste rexurdimento, a debilidade institucional crónica da arqueoloxía galega (acirrada pola destrución tras a Guerra Civil do Seminario de Estudos Galegos) afecta especialmente aos estudos paleolíticos que continúan a ser traballos illados, moi vinculados e debedores da dinámica que se está a levar en Portugal (especialmente con respecto ás industrias de cantos tallados) (ver por exemplo os traballos de Álvarez Blázquez ou Cuevillas). Pero será en 1963, coa intervención por parte de Emiliano Aguirre nas Gándaras de Budiño, un xacemento acheulense, onde comece unha nova etapa no estudo do Paleolítico, aplicando metodoloxías de escavación e rexistro sistemáticas, modernas e cun marcado carácter interdisciplinar (SENÍN, 1995). A descuberta é froito do traballo dun investigador estranxeiro (H. Nonn) que estaba a desenvolver a súa tese de doutoramento sobre a xeomorfoloxía do noso territorio e púxose en contacto con J. M. Álvarez Blázquez, quen finalmente chamou a Emiliano Aguirre para que levara a cabo a intervención (AGUIRRE, 1964). Debemos salientar que esta se produce tan só uns anos máis tarde que as levadas a cabo en Torralba e Ambrona polo mesmo investigador, e supoñen o inicio das investigacións modernas do paleolítico na Península Ibérica. De novo, Galicia participa da vangarda investigadora peninsular, pero amosando as carencias propias ao ter que recorrer a un equipo alleo de primeiro nivel e apoio estranxeiro para o seu desenvolvemento. A importancia desta intervención queda reflectida no impacto das súas publicacións (incluída unha na revista *Science*), que converterán a Budiño na única referencia galega nos estudos posteriores sobre

o Paleolítico peninsular. Referencia que, a pesar dos numerosos achados realizados ata a data, segue a ser hexemónica, o que fala da calidade da difusión da nosa investigación, e que servirá de foco atraínte das posteriores investigacións, como logo veremos. Pero este novo pulo, ao igual que case un século antes, carecerá de continuidade. O labor de prospección e de investigación non se verá reflectido na Universidade, e serán afeccionados locais baixo o amparo dos museos provinciais (nomeadamente os de Pontevedra e Ourense) os que durante os anos seguintes realicen importantes traballos de catalogación, rexistro e publicación dos novos achados.

Na década seguinte J. Ramil comeza os seus traballos sobre o Mesolítico galego coas prospeccións en xacementos do Norte de Lugo en colaboración con investigadores vinculados á USC como C. Alonso del Real e máis J. M. Vázquez Varela (RAMIL & VÁZQUEZ, 1976). Se ben é un exemplo da iniciativa individual que caracteriza á investigación, estes traballos supuxeron o xermolo da seguinte xeración de investigadores que a principios dos noventa consolidarán a investigación paleolítica no noso territorio. As intervencións na zona do Xistral introducirán, xunto á sistemática de escavación e prospección, a aplicación de estudos interdisciplinares centrados na crítica edafolóxica, paleoambiental e arqueolóxica dos xacementos. Será nesta década onde comeza a participación da Universidade nos proxectos, achegando certa sistemática e estandarización aos estudos e fomentando a escavación de novos xacementos, tanto no norte lucense, como na zona ourensá, sexa o caso das escavación de Pazos e A Piteira. Estas intervencións dos setenta coa entrada institucional da Universidade suporán o caldo de cultivo do que xurdirá o seu mellor froito a finais dos anos oitenta coa formación, por primeira vez no noso territorio, dunha xeración de investigadores (dirixidos principalmente dende a Área de Arqueoloxía) formados na propia universidade e que achegarán un claro enfoque multidisciplinar (LLANA, 1990-1991). Serán os novos traballos de industria lítica, tecnoeconomía, zooarqueoloxía, palinoloxía e edafoloxía sobre estes xacementos do Xistral os que ante as dificultades inherentes ao rexistro destes abrigos graníticos, permiten

establecer por primeira vez, no que o Paleolítico superior se refire, unha secuencia do poboamento equiparable á documentada na zona cantábrica, superando aos paradigmas inferidos dende os estudos realizados na parte Baixa do Miño e a «atipicidade» do noso Paleolítico superior. As intervencións na cova da Valiña a finais dos anos oitenta suporán a cristalización desta nova xeración de investigadores, coa primeira intervención en cova dende os traballos de Villaamil y Castro, máis dun século antes (LLANA & SOTO, 1991).

Deste xeito, na década dos 80, como consecuencia dos traballos anteriores, a investigación no Paleolítico aparece focalizada en tres lugares: Baixo Miño e costa SW, co xacemento de Budiño á cabeza; o tramo medio do Miño no contorno de Ourense; e as Serras Setentrionais lucenses. Os dous primeiros focos centrarán os estudos acerca do Paleolítico inferior e medio, mentres que o último especializárase nas ocupacións dos derradeiros momentos do paleolítico superior.

Ao longo dos últimos anos do s. xx e comezos do presente século vaise producir un salto cualitativo e cuantitativo que inclúe a multiplicación do número de xacementos intervidos e unha ampliación do encadramento temporal destes, así como a saída á luz de novas zonas de interese, como a das montañas orientais, a Serra do Bocelo ou a bacía de Monforte. Moitos destes novos achados son froito de novos proxectos de investigación sistemáticos, cunha maior continuidade e estabilidade orzamentaria, así como de programas de intervencións de carácter de urxencia asociadas ás obras de gasificación, autoestradas ou parques eólicos. Unha das cousas máis salientables é que o enfoque multidisciplinar segue prevalecendo nas intervencións máis relevantes, acudindo, naqueles aspectos onde non hai especialistas autóctonos, a investigadores e equipos de longa tradición no estudo do Pleistoceno noutros ámbitos peninsulares. Así xunto aos achados inferopaleolíticos das terrazas do Miño ou do Paleolítico Superior Final/Epipaleolítico do Norte de Lugo véñense sumar indicios do Paleolítico Superior inicial ou do Paleolítico Medio en Cova Eirós ou Cova da Valiña e nalgúns puntos ao aire libre da chaira monfortina. Tamén se obteñen as primeiras datacións absolutas e realízanse estudos

sistemáticos, cun carácter máis tecnolóxico, das industrias líticas, en especial daquelas elaboradas en seixo. Esta nova onda de estudos amplía o espazo xeográfico das ocupacións paleolíticas do NW e cun marco cronolóxico máis preciso, permite establecer a secuencia do poboamento paleolítico do Noroeste e relacionalo cos territorios veciños como a Meseta, Cornixa cantábrica ou o norte de Portugal. Paralelamente, comeza a revisión de coleccións de escavacións antigas e a realización de novos estudos sobre a evolución tecnolóxica e das estratexias de subsistencia dos homínidos, ofrecendo así marcos cada vez máis amplos de interpretación que acreditan como o Paleolítico galego participa plenamente da dinámica observada para as comunidades de cazadores recolectores do Pleistoceno peninsular.

3. O poboamento paleolítico do NW peninsular



Debido aos condicionantes da investigación non se pode precisar unha secuencia da evolución do poboamento do NW ao modo que se ten feito noutras zonas peninsulares. Ante a ausencia de datacións absolutas temos que recorrer ao contexto xeomorfolóxico e ás características tecnopolíticas dos conxuntos líticos para aclarar a súa antigüidade.

3.1. As primeiras ocupacións.

O Paleolítico inferior

A raíz dun programa de investigación xeoaqueolóxica desenvolvido a mediados dos 90 nas terrazas do Baixo Miño, estableceuse unha secuencia formada por oito niveis de terrazas fluviais que permite obter un marco cronolóxico relativo para ás ocupacións desta zona e o estudo da evolución tecnolóxica das industrias contidas nelas, as máis altas adscritas ó Pleistoceno inferior (CANO *et al.*, 1997). No lugar de A Peteira (T8, + 80 m) e Tomiño Campo de fútbol (T7, +65 -72 m) foron atopados cantos tallados de grande formato, aínda que non en posición estratigráfica. Pero a presenza de industrias líticas asociadas á formacións fluviais antigas vese confirmada nos lugares de Chan da Vide e Minas do Condado (T7 e T5) e de Montes de Oleiros (As Neves, T5, 42-55m), onde varios obxectos foron

Figura 1. Localización dos principais xacementos citados no texto.



atopados en estratigrafía. Se ben non dispoñemos de datacións absolutas, tecnoloxicamente estas industrias de cantos tallados unifaciais e bifaciais son adscritas ao Modo 1, equiparables ás atopadas noutros xacementos do Pleistoceno inferior peninsular como Atapuerca e Orce. A idade de formación das terrazas e a caracterización morfolóxica das industrias ás que aparecen asociadas permite encadralas nos momentos finais do Pleistoceno inferior (transición Matuyama-Bruhnes) converténdose, entón, nas evidencias máis antigas do poboamento paleolítico en Galicia (CANO *et ál.*, 1997a). Sen embargo, a falta de descritivas máis precisas sobre o contexto estratigráfico e características tecnolóxicas dos achados e a ausencia de datacións absolutas é argüída por outros autores para discutir a súa antigüidade, proponendo unha adscrición a momentos máis recentes (MÉNDEZ, 2008).

As evidencias máis claras do poboamento paleolítico do NW peninsular poden datarse na metade do Pleistoceno medio (a partir do EIO 13-11) coa aparición de conxuntos líticos caracterizados pola presenza de grandes obxectos configurados como bifaces e fendedores, xunto con pequenas ferramentas en lasca, o denominado tecnocomplexo Acheulense. En Galicia atopamos evidencias deste período espalladas por todo o noso territorio, dende a desembocadura do río Miño ata as costas cantábricas de Ribadeo, e dende as terras de Bergantiños ata as

depresións de Valdeorras. Este grande número de achados son un indicio da expansión do poboamento durante esta época, se ben a meirande deles correspóndense con achados superficiais ou descontextualizados, achegando moi poucos datos sobre os modos de vida destes homínidos. As intervencións arqueolóxicas levadas a cabo nos xacementos das Gándaras de Budiño (Porriño, Pontevedra), Chan do Cereixo (Gondomar, Pontevedra), Portomaior (As Neves, Pontevedra), Pazos (San Cibrán das Viñas, Ourense), A Chaira (San Cibrán de Lás, Ourense), Campo da Mama, A Veiga (Ourense), As Lamas e Pedras na Depresión de Monforte de Lemos (Lugo) e Louselas, (Ribadeo, Lugo) ofrecen un bo marco de cara a articulación e contextualización do paleolítico inferior (AGUIRRE, 1964; FÁBREGAS, 2007, 2009; LÓPEZ, 2001; MÉNDEZ *et ál.*, 2006; RODRÍGUEZ, 1983; VILLAR, 1997, 1998, 2009) (figura 1). Pero de novo debemos ter en conta a súa condición de xacementos ao aire libre, onde a fauna non se conserva e a exposición aos procesos erosivos fai que na meirande maioría dos casos non nos atopemos con xacementos *in situ*, senón conxuntos de industria desprazados do seu lugar orixinal de deposición (COSTA *et ál.*, 1998). A industria lítica ofrécesenos como a única ferramenta de análise para o estudo dos territorios económicos, patróns de asentamento, estratexias de xestión das materias primas e evolución tecnolóxica destas comunidades.

Con respecto ós patróns de asentamento, os homínidos ocupan unha gran diversidade de ecotopos asociados a cursos fluviais, penechairs graníticas en altura (planaltos ourensáns, O Saviñao, Montes de Rodeiro, Campo da Mama), depresións terciarias da costa e o interior normalmente ligadas a recursos hídricos próximos (Depresión do Louro, Ourense, Monforte de Lemos, Valdeorras), así como ambientes de lagoa (Alcaían). Nas formacións fluvio-aluviais dos principais cursos do NW, o río Miño e río Sil, así como nos seus cursos tributarios (Louro, Arenteiro, Arnoia, Cabe...) atopamos a maioría das dispersións acheulenses: no Baixo Miño sobre as terrazas fluviais T4 (+32 -42 m: Monte Seo) e T3 (+19 -28 m: Portomaioir e a meirande parte de achados do baixo Miño) (CANO *et ál.*, 1997; MÉNDEZ, 2008; MÉNDEZ *et ál.*, 2006); as ocupacións das Gándaras de Budiño, asociadas á terraza +24 m do Louro (AGUIRRE, 1964; BUTZER, 1967); así como o xacemento das Lamas á T5 (+50 m) do río Cabe (FÁBREGAS *et ál.*, 2007, e.p.). Os cursos fluviais ofrécense como vías de tránsito polo territorio, así como fonte de abastecemento de materia prima, cantos rodados de cuarcita e seixo, para a manufactura das súas ferramentas. Do mesmo xeito, as veigas son focos de atracción de biomasa e durante os períodos fríos poderían funcionar como zonas refuxio onde as condicións climáticas, aínda que frías, non son tan rigorosas coma nas penechairs interiores.

Nas penechairs costeiras (Chan do Cereixo) ou do interior (A Veiga-Campo da Mama, A Chaira, A Piteira, Pedras) atopámonos con dispersións de artefactos en superficie máis ou menos densas e continuas por estas superficies. As ocupacións destas penechairs localízanse en puntos estratéxicos do territorio como zonas de tránsito entre os vales fluviais e os vales altos interiores (A Chaira, A Veiga-Campo da Mama, e mesmo Chan do Cereixo), ou nas cuncas hidromorfas (Pedras, A Piteira, Chan do Cereixo e Pazos). As intervencións arqueolóxicas levadas a cabo nestes xacementos amosan que as ditas concentracións de artefactos están en posición secundaria, asociadas a coluviós que arrastran materiais procedentes de lugares máis altos, implicando un transporte distante ou ben un desprazamento local ou in loco (COSTA *et ál.*, 1998;

LÓPEZ, 2001; VILLAR, 1997, 1998, 2009), ás veces mesturando conxuntos de varias épocas (de LOMBERA, 2005a). Nos casos nos que o transporte foi máis localizado e se teñen identificado as áreas de procedencia do material as ocupacións aparecen vinculadas ás marxes ou pequenos outeiros circundantes que controlan visualmente pequenas cubetas ou cuncas hidromorfas como no caso de Pedras (O Saviñao), Chan do Cereixo (Gondomar) ou A Chaira (San Cibrán das Viñas) (FÁBREGAS *et ál.*, 2009; VILLAR, 1999, 2009).

As industrias líticas destes xacementos amosan unha grande homoxeneidade coa presenza de grandes configurados como bifaces, fendedores e triedros, acompañados de pequenos artefactos en lascas como raedeiras, denticulados, escotaduras, raspadeiras, etc. Para a súa fabricación usan cantos rodados de cuarcita ou seixo, aínda que pode observarse unha complementariedade dos recursos.

Os recursos líticos soen ser de carácter local (<5 km), especialmente nos xacementos próximos a cursos fluviais (v.g. Portomaioir, As Lamas). Pero nos casos onde as ocupacións sitúanse ou nun substrato xeolóxico granítico ou onde a materia prima local non é de boa calidade, teñen que recorrer a fontes máis remotas, con distancias que abranguen dende os 2 km aos 12 km. Nestes casos atopámonos con dúas cadeas operativas complementarias. A primeira realizada en cantos de boa calidade de cuarcita e seixo, normalmente xa configurados no lugar de abastecemento en forma de grandes lascas ou ferramentas (bifaces, fendedores) que logo son aportados ó xacemento (cadeas operativas fragmentadas), caso do xacemento de Budiño onde as cuarcitas son procuradas na ribeira do Miño, a 6 km de distancia; A Chaira, traídas do río Barbaña a 4 km; ou Chan do Cereixo onde os cantos (neste caso enteiros) son traídos de distancias que acadan os 10 km (MÉNDEZ, 2008; VILLAR, 1999, 2009). Xunto a estes materiais aparecen recursos de carácter inmediato como son os fragmentos de seixos de filóns ou coluviós desmantelados sobre os que se fabrican as ferramentas de menor formato, caso do Locus I das Gándaras de Budiño, Chan do Cereixo e A Piteira (de LOMBERA, 2005a; 2005b; de LOMBERA & RODRÍGUEZ, e.p.; VILLAR, 2009).

O estudo das áreas de abastecemento e ós patróns de localización dos asentamentos son as únicas ferramentas que temos para achegarnos á xestión e explotación do territorio económico, aínda que a ausencia de fauna conservada e de contextos deposicionais mellor preservados impiden afondar nas estratexias de subsistencia das comunidades de cazadores recolectores.

A presenza de certos aspectos técnicos progresivos nos conxuntos líticos como é o incremento de soportes lascas para a fabricación dos bifaces, a maior estandarización morfolóxica e regularización das súas arestas, a identificación do uso de percutores brandos, a importancia crecente dos pequenos configurados sobre lasca e a xeneralización dos métodos de talla discoidais ou Levallois permiten establecer unha seriación dos xacementos clasificándoos como Acheulense medio (Chan do Cereixo, Louselas) ou superior (As Gándaras de Budiño, Pazos). Non obstante, debemos ter en conta a variabilidade inherente aos conxuntos acheulenses onde a representación de bifaces ou fendedores entre as diferentes coleccións pode variar considerablemente acadando porcentaxes que basculan normalmente entre o 6% ata o 0.1%. Estas variacións poden responder a varios motivos, dende a selección debida ás accións postdeposicionais ata a funcionalidade das distintas ocupacións, como ocorre nos casos das diferentes dispersións das Gándaras de Budiño (CERQUEIRO, 1996). É necesaria a xeneralización de novos métodos de datación absoluta (OSL, COSMOXÉNICOS, ESR...) para poder obter un encadramento temporal preciso das ocupacións acheulenses e así poder coñecer aspectos sobre a evolución tecnolóxica e a dinámica do poboamento durante o Pleistoceno medio do NW peninsular.

3.2. O Paleolítico medio

No Pleistoceno superior (EIO5) temos evidencias dunha nova etapa do Paleolítico, o Paleolítico medio. Nestes xacementos os conxuntos líticos mudan, coa práctica desaparición dos bifaces e fendedores, o incremento de pequenas ferramentas realizadas sobre lascas (denticulados, raedeiras, etc.) e a xeneralización de métodos de talla máis complexos como o Levallois ou discoidal. Todos estes elementos xa se atopaban




Figura 2. Bifaces do xacemento da Piteira (Ourense).

presentes nos conxuntos acheulenses, pero é ese cambio nas estratexias de talla e configuración o que lle outorga entidade propia, relacionado á súa vez, con unha nova especie, o *Homo neanderthalensis*. O Paleolítico Medio no noso territorio, do que ata finais do século pasado tiñamos apenas dúas referencias incompletas ou discutibles, pasa a acadar un crecente protagonismo, sobre todo pola revisión da camada 3 de Cova Eirós, con caracteres nidiamente Musterienses e unha datación coherente con tal atribución, pero xorden outros xacigos asimilables na bacía monfortina e no Baixo Miño.

Perante a problemática inherente ós xacementos ao aire libre e a ausencia de industrias claramente ligadas ás secuencias clásicas do Musteriense no noso territorio, os estudos levados a cabo dende mediados do século XX na zona do Baixo Miño levaron a pensar na existencia dunha facies local, o Camposanquiense




Figura 3. Núcleos do xacemento da Piteira (Ourense). 2 e 3: núcleos Levallois.

caracterizado pola presenza de cantos tallados e picos, que substituiría no noso territorio aos complexos musterienses clásicos. Posteriores achados noutros xacementos ao aire libre ou nas cavidades orientais de Galicia puxeron de manifesto a existencia de indicios máis diagnósticos deste complexo industrial.

Unha das referencias tradicionais para este período é o xacemento da Piteira (Toén, Ourense). Situado nunha cunca endorreica nunha cima achairada a uns 480 metros de altitude, foi escavado na década dos anos setenta. O conxunto lítico presentaba certos aspectos (bifaces, fendedores, cantos tallados, e lascas de grande formato, *figura 2*) que o relacionaban con outros xacementos acheulenses ourensáns como Pazos ou A Chaira, pero cunhas particularidades de carácter máis progresivo como a importante presenza de núcleos e produtos Levallois e de pequenos instrumentos configurados (raedeiras

e denticulados) (*figura 3*). Estas características mixtas levaron á súa consideración como «Musteriense de tradición Achelense» (RODRÍGUEZ, 1976; VILLAR, 1997), pero outros autores, considerando o carácter endorreico do lugar, e o contexto deposicional da industria (*in loco*), saientaron o carácter polixenético deste conxunto como consecuencia da mestura de distintas ocupacións da zona (CANO, 1991a). Unha posterior revisión do conxunto lítico segundo as características morfotécnicas das pezas e o seu grao de alteración (rodamento) permitiu a identificación de dous aportes diferenciados, un importante de materiais pertencentes ao Achelense, e outro posterior (pezas menos rodadas) con materiais propios do Musteriense (DE LOMBERA, 2005a). Materiais que foron desmantelados e mesturados nun mesmo conxunto durante un proceso erosivo intenso posterior á súa primeira deposición, situación como temos visto, moi común aos xacementos ao aire libre (COSTA *et ál.*, 1998).

As escavacións levadas a cabo por J. Vidal Encinas no Locus I das Gándaras de Budiño descubriron un nivel arqueolóxico (Nivel II) cun conxunto industrial que presentaba certas particularidades con respecto ás outras escavacións de Budiño. Baseado no menor formato das pezas, as particularidades da industria (case sen bifaces), e, especialmente, na diferente posición estratigráfica (coluvio superior) con respecto ás outras estacións de Budiño (asociadas principalmente ao coluvio inferior), o autor indica que o conxunto lítico do Locus I «presenta certas afinidades musterienses» (VIDAL 1982), converténdose, máis tarde, nunha das escasas evidencias de Paleolítico medio da nosa rexión (CANO 1991a; VÁZQUEZ, 2000). Sen embargo, posteriores revisións desta industria, tendo en conta o seu carácter removido, a presenza de grandes instrumentos configurados como bifaces e fendedores ou produtos derivados destes (ápices bifaciais) e a ausencia de predeterminación e xerarquización nas estratexias de explotación (propias do método Levallois ou discoidal) levaron á súa adscrición ao tecnocomplexo Achelense, relacionándoo, deste xeito, ao resto de ocupacións testemuñadas nas Gándaras de Budiño (DE LOMBERA, 2005b).


Outras evidencias máis febles adscritas ao Paleolítico medio eran os achados de pezas en sílex realizados nas zonas costeiras, como os de Maniles, na ría de Ferrol e, os da baía de Baiona, con pequenas ferramentas en sílex (raadeiras, denticulados, muescas) (ABAD, 1987; CANO, 1991a). Pero estes conxuntos presentan un carácter problemático ao ser achados en superficie (praias, cantís) e moi próximos a zonas de histórica importancia portuaria, polo que moitos autores consideran que a orixe destas pezas débese a que formaban parte dos restos do balastp dos barcos que comerciaban noutras zonas europeas onde o sílex era moito máis abundante (v.g. Inglaterra). A presenza de cantos ou ferramentas deste material en contextos portuarios da Idade moderna (escavacións da praza de María Pita na Coruña, ou, especialmente, a Ponte do Burgo en Pontevedra) semella apoiar estas consideracións acerca dos achados superficiais de Maniles e Baiona.

Nos últimos anos as intervencións sistemáticas nas depresións terciarias, terrazas fluviais e, especialmente nas cavidades calcarias, están a incrementar o número de evidencias do Paleolítico medio. Os xacementos da Barreira no Baixo Miño (CANO *et ál.*, 2000) e as dispersións localizadas na bacía de Monforte de Lemos (FÁBREGAS *et ál.*, 2007, 2008, 2009, e.p.), están a proporcionar novos xacementos ao aire libre cuxos conxuntos caracterízanse por presentar ningún ou escasos bifaces, dominio dos instrumentos sobre lasca de pequeno e mediano formato e dos

núcleos discoidais e Levallois. Os ditos xacementos ao aire libre atópanse no mesmo contexto que os xacementos acheulenses, asociados a terrazas fluviais (A Barreira, Mañente, As Gandariñas en Monforte de Lemos) ou penechairs (A Piteira). Esta recorrencia das ocupacións nun mesmo espazo vese reforzada pola identificación dos dous aportes do conxunto lítico, xa comentado, do xacemento da Piteira e polas recentes descubertas do xacemento das Lamas (Monforte de Lemos), onde baixo un nivel musteriense datado no 38947 ± 3150 BP atópase outro nivel con industrias acheulenses (FÁBREGAS *et ál.*, e.p.).

Sen embargo, son as intervencións nas cavidades calcarias as que están a achegar novos datos sobre os modos de vida do Paleolítico medio e onde, no estado actual da investigación, documentamos por primeira vez a utilización das cavidades cársticas como lugar de asentamento. As intervencións na Cova Eirós (Triacastela, Lugo) revelaron a existencia dunha importante ocupación con industrias realizadas en cuarcita de grao fino (11,1 %) e seixo de boa calidade (87,1%) (figura 4). As características do conxunto lítico do Nivel 3 permítennos adscribilo ao Paleolítico medio, coa existencia dunha xestión diferencial das materias primas e o predominio das estratexias de explotación predeterminadas, sobre todo no que atinxe ás cuarcitas de grao fino (FÁBREGAS *et ál.*, 2009). As datacións obtidas para este nivel sitúannos nos momentos finais do EIO 5, xa case no comezo do último

Figura 4. Industria lítica do nivel 3 do xacemento de Cova Eirós. 1-3: Lascas Levallois en cuarcita de grao fino; 4,5: lasca en seixo; 6-10: lascas retocadas en seixo: denticulados (6, 7), raspadeira (8), becs (9-10).






Gráfico 1. Representación das materias primas dos xacementos da Depresión de Monforte de Lemos. Paleolítico inferior: Chao Fabeiro, As Gándaras, As Lamas. Paleolítico medio: As Gandariñas, O Regueiral. Paleolítico Superior: Valverde.

período glacial. Se ben as industrias líticas presentan similitudes cos xacementos ao aire libre, unha das maiores achegas deste xacemento é a conservación dos restos orgánicos (ósos, carbóns) que permite aproximarnos á reconstrución do paleoambiente de Cova Eirós, así como achegarnos ao estudo das estratexias de caza e alimentación do home de Neanderthal.

Os restos óseos deste nivel presentan un alto grao de fragmentación e moitos deles posúen marcas de corte nas súas superficies, o que sinalaría o factor antrópico como principal axente da acumulación. Entre os herbívoros atópanse representados os cervos (*Cervus elaphus*) e o rebezo (*Rupicapra*), sendo na súa maioría restos de hasta ou esquirolas de diáfises de ósos longos. Tamén é importante o número de restos de oso das cavernas (*Ursus spelaeus*) que poderían proceder do xacemento do interior da cova, ocupada polos osos durante a hibernación (GRANDAL, 1993). É salientable a presenza dun fragmento de molar con morfoloxía similar ao rinoceronte (*Rinocerotidae*) así como restos óseos correspondentes a un individuo de talla moi grande que tamén poden pertencer á devandita familia.

Se ben semella existir unha certa continuidade nos patróns de asentamento con respecto ao Paleolítico inferior, prodúcense certas novidades como a evidencia de asentamentos en cova, e innovacións tecnolóxicas reflectidas nos conxuntos líticos. No que atinxe á xestión das materias primas aprécianse certos cambios. Mantéñense as mesmas estratexias de abastecemento recorrendo a cantos de cuarcita e seixo de orixe fluvial, pero obsérvase un cambio no criterio de selección

destas segundo as necesidades técnicas e a complexidade dos métodos de talla, relacionado coa xeneralización dos métodos Levallois e discoide. A necesidade dun maior control do proceso de talla esixe dunha maior calidade da materia prima, o que se traduce no incremento das variedades de cuarcita de grao fino (cunha menor granulometría e maior homoxeneidade) e os seixos sen planos. Exemplos deste comportamento ofréceño os xacementos ao aire libre da depresión de Monforte de Lemos onde, nun mesmo territorio e ante a mesma oferta litolóxica, nos xacementos do Paleolítico medio prodúcese un aumento das porcentaxes de cuarcita de grao fino e seixo en comparación cos xacementos do Paleolítico inferior (gráfica 1) (de LOMBERA *et al.*, 2008).

3.3. O Paleolítico superior

A primeira evidencia sobre as ocupacións do Paleolítico superior provén da Cova da Valiña (Castroverde, Lugo). As intervencións levadas a cabo a finais dos anos oitenta descubriron a existencia dun nivel arqueolóxico con numerosos restos faunísticos e un reducido lote de ferramentas líticas (LLANA e SOTO, 1991). A presenza de restos de hiena (*Crocuta crocuta*) e de varios carnívoros de pequeno porte (*Vulpes vulpes*) indican ao uso da cavidade como cubil. O reducido número dos restos líticos, contidos nun único nivel, poderían relacionarse cunha ocupación curta e oportunista da cavidade por parte dos humanos. En base ao estudo tipolóxico da industria lítica, cun maior índice de burís que de raspadeiras e a presenza dun fragmento distal de punta de Chatelperron, o xacemento foi adscrito

ao Chatelperronense (LLANA *et ál.*, 1996). Para o nivel arqueolóxico hai dúas datacións radiocarbónicas dispoñibles (GrA 3014: 31600 ± 250 BP e GrN 17729: 34800 + 1900/-1500 BP) e unha do nivel infraxacente (GrN 20833: 31730 + 2880/-2110). Se ben a Cova da Valiña converteuse no único referente do Paleolítico superior inicial galego, novas revisións do conxunto lítico cuestionan tal adscrición resaltando o seu carácter musteriense (MAÍLLO 2008). A grande desviación típica das datas non contribúe a precisar máis o contexto cronolóxico, podendo argumentar a súa adscrición aos momentos finais do Musteriense, o que non entraría en contradición con outros xacementos cantábricos como as covas de El Esquilleu ou La Güelga (BAENA *et ál.*, 2005; MENÉNDEZ *et ál.*, 2005). Pola contra, a aparición de tres azagaias en óso recuperadas no momento do descubrimento do xacemento a mediados dos sesenta xunto á datación máis recente e precisa (GrA 3014) podería cadrar perfectamente nun Auriñacense. Mesmo, a falta de contexto das azagaias e a diferenza existente entre as dúas datacións poderían indicar a presenza doutros tantos niveis ou ocupacións diferentes: unha do Paleolítico medio final; e outra do Paleolítico superior inicial, este último non conservado pola alteración producida pola caniteira que explotou o xacemento. Como vemos, o xacemento da Valiña, é un xacemento complexo e ambiguo nas súas datacións e conxunto lítico que precisa de novas revisións para poder aclarar a súa adscrición cronocultural e achegar luz sobre a transición do Paleolítico medio e superior en Galicia.

O poboamento de Galicia durante os momentos iniciais do Paleolítico superior vese confirmado polas recentes intervencións realizadas na Cova Eirós (Triacastela, Lugo). A sondaxe levada a cabo en 1993 apuntaba á existencia de ocupacións encadrables neste momento (NOGUEIRA, 1997), hipótese confirmada polas escavacións que se están a desenvolver dende o ano 2008 onde, no Nivel 2, identificouse un conxunto lítico con elementos propios do Paleolítico superior e datado en torno ao 32000 BP (Fábregas *et ál.*, 2009). Se ben as datas obtidas solápanse coas máis recentes da cova da Valiña (c.f. 31.000 BP) e ambos conxuntos presentan

certas similitudes no seu conxunto lítico, dominado case exclusivamente polo seixo, o Nivel 2 de Cova Eirós posúe elementos máis diagnósticos como é a talla laminar en cristal de rocha e seixo. Os dous xacementos encádranse nun momento máis fresco que o actual (EIO 3), con pequenas pulsacións temperadas e importancia do bosque (*Quercus, Fagus, Corylus*) en detrimento das praderías que abundan máis no interior e na montaña. O rexistro paleontolóxico de ambos xacementos amósanos unha paisaxe poboada por cervos, corzos, xabarís, grandes bóvidos (*Bos/Bison*), rinocerontes e hienas (LLANA & SOTO, 1991; FÁBREGAS *et ál.*, 2009).

Pero esta situación muda co comezo do último máximo glaciar: a liña de neves perpetuas sitúase nos 700 m e comezan a formarse os glaciares nas montañas do NW en torno a altitudes de 900-1200 m.s.n.m, cuxas linguas poden acadar os 30 km de desenrolo e os 350 metros de espesor, caso do glaciar dos Ancares (PÉREZ *et ál.*, 1993). O recrudescemento climático implica unha serie de cambios nos ecosistemas. As temperaturas descenden drasticamente (12-14 °C nas fases máis frías, VALCARCE *et ál.*, 1998) favorecendo o rápido desenvolvemento das praderías (*Poaceae, Ericaceae, Artemisia*) polo interior, quedando pequenos redutos boscosos só na franxa litoral e sublitoral galega. Estes cambios climáticos repercuten directamente no poboamento do NW. En primeiro lugar, a regresión mariña produce unha recúa da liña da costa que pode acadar os 10.2 km con respecto á liña actual na costa SW e mesmo maior nas Rías Baixas (CANO *et ál.*, 1997b; REY, 1993). Deste xeito, pola plataforma litoral ábrense novas vías de comunicación en sentido N-S e E-W que favorecerían o tránsito de especies animais e vexetais dende a costa portuguesa e cantábrica (GRANDAL *et ál.*, 1997).

Finalmente, estes cambios na paisaxe non só repercuten directamente sobre a xeografía do poboamento da maior parte das especies animais do NW, seguramente reducido ás zonas refuxio do litoral e sublitoral, senón que ó mesmo tempo xeneralízanse os procesos erosivos nas depresións e covas montañosas. Como temos comentado ao comezo, os hiatos observados nos rexistros sedimentarios dos abrigos rochosos da

zona do Xistral, así como os testemuñados nas cavidades cársticas das montañas orientais (v.g. Cova de Xato) son indicativos da intensidade destes fenómenos morfoxenéticos, que repercuten directamente sobre a preservación dos rexistros arqueolóxicos do Último Máximo Glacial (LLANA *et ál.*, 1992, FÁBREGAS *et ál.*, 2008; GRANDAL *et ál.*, 1997). Ante esta situación, a ausencia de rexistros arqueolóxicos comprendidos entre o 32000 BP e o 17.000 BP no NW Peninsular podería ser explicada simplemente pola intensa e xeneralizada acción dos procesos erosivos que impide a localización de xacementos desa época e non, consecuentemente, como unha evidencia do despoboamento humano do NW. Serán as intervencións nas cavidades con longas secuencias estratigráficas e nas zonas refuxio do litoral e sublitoral as que confirmen a existencia ou non de tal baleiro demográfico.

No Tardiglacial, coa retirada dos xeos e a lenta recuperación dos bosques, é cando atopamos as primeiras evidencias do Paleolítico superior final nos xacementos das montañas orientais de Cova Eirós (Nivel 1) e Valdavara 1 (Niveis 4-6) datados en torno ao 17.000/15.000 BP, no Magdalenense inferior e medio (FÁBREGAS *et ál.*, 2009; VAQUERO *et ál.*, 2009). Outros xacementos adscritos a este período atópanse nos contrafortes da Serra do Xistral, nun novo contexto habitacional, os abrigos rochosos. As ocupacións en Dos Niñas e Férvedes II desenvólvense ao abeiro de grandes penedos que proporcionan unhas boas condicións de habitabilidade a pequenos grupos (RAMIL & RAMIL, 1996). Non debemos desbotar a existencia de estruturas de carácter temporal e perecedoiro como paraventos, ou mamparos de pel ou fibras vexetais para aumentar a súa protección aos ventos, aínda que o seu carácter orgánico impide a conservación e, ata a data, nas escavacións non se documentaron estruturas deste tipo anque si fogares noutros abrigos.

Os conxuntos líticos recuperados amosan certas novidades tanto a nivel tecnolóxico como nas estratexias de xestión e abastecemento das materias primas. A tecnoloxía laminar é cada vez máis importante, traducíndose nunha crecente demanda de materias primas. Neste sentido, a procura de materias de boa calidade

amósase no incremento do cristal de rocha (Nivel 1 de Cova Eirós) e na descuberta de novos afloramentos de sílex froito da intensificación da explotación do territorio. Nestes xacementos o sílex é o material predominante acadando o 90% de total e procede de lugares próximos a Dos Niñas e Férvedes II (RAMIL & VÁZQUEZ, 1976). As altas porcentaxes de sílex nos niveis de Valdavara 1 tamén poderían ser explicadas pola presenza de afloramentos próximos aínda non identificados, anque non podemos desbotar a existencia de redes de intercambio entre grupos ou o acceso a fontes máis remotas deste material, dada a gran mobilidade destes grupos de cazadores recolectores.

Os xacementos magdalenenses non só aportan un novo contexto habitacional, os abrigos rochosos, e a descuberta de afloramentos primarios de sílex, senón que nos ofrecen as únicas testemuñas do mundo simbólico que temos das sociedades Paleolíticas do NW (figura 5). Os colgantes de Férvedes II, Valdavara e Cova Eirós, son as únicas evidencias, ata a data, de arte moble en Galicia (RAMIL & VÁZQUEZ, 1983; FÁBREGAS *et ál.*, 2009, e.p.). O colgante pétreo de Férvedes II e o colgante sobre dente de raposo de Cova Eirós teñen numerosos paralelos nos xacementos deste período da Cornixa Cantábrica (v.g. Cueva de la Paloma, Altamira). As cunchas de *Dentalium* de Valdavara 1, usadas como elementos de adorno en varios xacementos cantábricos, non só amosan esa conexión coa esfera cantábrica, senón que tamén son unha evidencia da mobilidade ou do territorio social destas comunidades, xa que, a orixe mariña destas pezas evidencian a relación destes grupos da montaña interior coa costa.

Na parte setentrional de Galicia, en torno á Serra do Xistral, obsérvase unha continuidade entre as ocupacións Magdalenenses/Azilienses e Epipaleolíticas (Pena Grande, Prado do Inferno, Pena Xiboi). Os traballos levados a cabo nesta zona dende o último terzo do século xx e as novas descubertas realizadas pola arqueoloxía de urxencia, baixo a óptica da Arqueoloxía da Paisaxe, amosan a evolución destas sociedades a través da mudanza tecnopolóxica dos conxuntos líticos (coa maior frecuencia de xeométricos), ó mesmo tempo que unha continuidade na ocupación dos espazos e nos patróns de asentamento.

Figura 5. Colgantes do Paleolítico superior galego.

a) Dentalium de Cova de Valdavara; b) Dente perforado de Cova Eirós; c) Colgante pétreo de Férvedes II.



As prospeccións levadas a cabo na Serra do Xistral e nas marxes do Cadramón descubriron unha gran cantidade de xacementos que presentan uns patróns de ocupación sistemáticos (LÓPEZ, 2002; RAMIL & RAMIL, 1996). Do mesmo xeito que nos xacementos Magdalenenses, continúa o hábitat en abrigos rochosos (cuarcíticos e graníticos) que por unha banda proporcionan protección e refuxio, e pola outra, soen ser grandes afloramentos destacados na paisaxe, visibles dende gran parte do territorio e que ofrecen un amplo dominio visual deste. O seu emprazamento está vinculado ás principais zonas de tránsito entre diferentes áreas xeográficas (vg. área de Arnela) ou na periferia de pequenas cuncas hidromorfas (abrigos de Serra do Bocelo, dispersións de Chan da Cruz, Xestido, Curro Vello). A ausencia de datacións absolutas na meirande parte dos xacementos non permite realizar un estudo detallado sobre a evolución dos patróns de asentamento, se ben semella que se produce unha elevación na altitude das ocupacións, pasando durante o Magdaleniense final/Aziliense dunhas cotas de 400 e 600 m.s.n.m. na marxe dos pequenos vales refuxio da Terra Chá vilalbesa ata acadar os 850 m nas penechairs da Serra do Xistral, como é o caso dos xacementos epipaleolíticos de Chan da Cruz e os situados nas áreas de Arnela, Curro Vello e Xestido. Este factor estaría relacionado coa mellora climática que acontece nos

inicios do Holoceno, permitindo, deste xeito, o poboamento de zonas cada vez máis altas.

Outro exemplo desta dinámica atopámolo na Serra do Bocelo, na comarca de Melide, onde como parte do proxecto de investigación Bocelo/Furelos se localizaron unha serie de puntos con industrias líticas, tanto ao aire libre como baixo abrigos graníticos. Neste caso, a falta de bos contextos e datacións absolutas, xunto coa indefinición cronocultural do conxunto artefactual fai difícil a distinción entre ocupacións superopaleolíticas, mesolíticas ou mesmo neolíticas, aínda que o patrón destas dispersións segue o mesmo esquema observado nos xacementos do norte lucense, asociadas a pequenas cubetas ou cuncas hidromorfas que (se???) controlan visualmente (CRIADO *et ál.*, 1991).

Durante estas épocas as cavidades non foron abandonadas, como testemuñan as datacións da Cova do Rei Cintolo e Valdavara. No nivel C da Cova de Valdavara, no noiro exterior, foron obtidas dúas datacións radiocarbónicas (vg. 8920 ± 50 , Beta-257850) asociadas a un conxunto lítico caracterizado pola presenza de grandes lascas de seixo e cuarcita, que nos remite, por primeira vez no noso territorio, a un Mesolítico Macrolítico (FÁBREGAS *et ál.*, e.p.). Un tanto máis tardía é a datación obtida sobre un resto óseo do interior da Cova do Rei Cintolo (7735 ± 60 , Lyon-2731 (OxA) (VILLAR, 2007). A ausencia de restos

líticos asociados a este contexto é interpretada como a evidencia dunha ofrenda ou comportamento relacionado coa esfera simbólica destas sociedades. Por outra banda, esta datación pode relacionarse directamente coa obtida na estrutura de combustión do abrigo de Xestido III (7310±160, GrN-16389) (RAMIL & RAMIL, 1996) adscrito ó Epipaleolítico xeométrico. Deste xeito, durante esta etapa poderíase establecer unha complementariedade dos hábitats entre os abrigos rochosos situados nas montañas e as cavidades dos vales interiores, aínda que a falta dun maior grao de coñecemento do contexto das ocupacións da cavidade do Rei Cintolo impide realizar inferencias de máis folgo.

Os xacementos do norte lucense amósannos os momentos finais das sociedades de cazadores recolectores do interior, ligados ás ocupacións en abrigos rochosos e a unha industria microlaminar e xeométrica, onde as comunidades semellan manter os modos de vida dende o Paleolítico superior final baseados na supremacía dos recursos cinxéticos e a colleita. A expansión dos bosques durante a mellora climática do Holoceno permite o acceso a unha maior variedade de froitos, ademais de favorecer a expansión dos cervos e xabarís.

Sen embargo, na zona litoral, a mellora climática ten outras consecuencias ás que estas comunidades deberán adaptarse. O aumento do nivel do mar e o consecutivo retroceso da liña de costa produce unha maior presión demográfica no medio o que provoca a busca de novos recursos. As sociedades da costa comezan a consumir os mariscos e peixes. En base aos achados de industrias líticas sobre cantos realizados na Costa SW, aparece unha facies de carácter macrolítico, vinculada á explotación do medio costeiro, da que posiblemente formarían parte algúns dos xacementos na costa SW de Galicia, pero tamén, cunha composición industrial máis variada, temos o sitio de Reiro (cunha datación de mediados do VI milenio BC sen contexto preciso) (RAMIL, 1973). Aínda que na costa SW atopamos picos, encadrados ás veces no complexo denominado Camposanquiense e moi semellantes ao Asturiense cantábrico, non se ten documentado aínda a existencia de concheiros nesta época, como si ocorre nas costas portuguesa e asturiana. Do mesmo xeito, a falta de contextos

estratigráficos seguros impide precisar a súa adscrición cronocultural, xa que conxuntos encadrados primeiramente no Tardiglacial, caso do de Fiales (CANO, 1991b), unha vez revisados foron adscritos aos momentos avanzados do Holoceno (CANO *et al.*, 1997b); ou conxuntos líticos con características semellantes foron atopados en xacementos datados na Idade do Bronce (Portocelo) ou mesmo en época castrexa (CANO & VÁZQUEZ, 1986).

Os conxuntos pertencentes aos momentos finais do Mesolítico galego están inevitablemente mal caracterizados por mor da escaseza de xacementos escavados de xeito sistemático e, sobre todo, á falta de publicacións detalladas dos achados, o cal non nos permite obter un bo marco interpretativo para coñecer como foi o tránsito das derradeiras sociedades de cazadores recolectores ás primeiras sociedades produtoras.

4. Conclusións

O estudo do Paleolítico en Galicia está a ofrecer un bo marco para as primeiras ocupacións do NW peninsular. As investigacións sobre o poboamento Paleolítico gozan dunha longa tradición aínda que non da continuidade e intensidade amosadas para outras épocas da Prehistoria galega. Sen embargo, as investigacións das últimas décadas están a completar de maneira significativa o mapa do poboamento prehistórico, ampliando o seu marco xeográfico, nomeadamente ás cavidades e depresións orientais, e cronolóxico, enchendo os baleiros nas secuencias Paleolíticas, destacando, neste senso, os progresos no coñecemento do Paleolítico medio.

Un dos principais motivos dos avances nos últimos anos foi a aplicación de enfoques de carácter multidisciplinar que constataron a converxencia dos procesos tecnolóxicos, cronolóxicos e culturais do NW cos identificados nas áreas limítrofes peninsulares, normalizando así a situación do Paleolítico galego. Pero o proceso non é lineal nin continuo. É necesario garantir o desenvolvemento e a continuidade de proxectos de investigación sistemáticos a medio e longo prazo para consolidar estas liñas de investigación e afondar nun dos períodos menos coñecidos da nosa prehistoria.

Referencias Bibliográficas

- ABAD GALLEGO, X. C. (1987). «El utillaje en sílex de la bahía de Baiona». *Castrelos* 0: 39-53.
- AGUIRRE, E. (1964). *Las Gándaras de Budiño Porriño (Pontevedra)*. Madrid, Ministerio de Educación Nacional. Dirección General de Bellas Artes. Servicio Nacional de Excavaciones Arqueológicas.
- BAENA, J., E. CARRIÓN, B. RUIZ, B. B. ELLWOOD, C. SESÉ, J. YRAVEDRA, J. JORDÁ, R. UZQUIANO, R. VELÁSQUEZ, I. MANZANO, A. SÁNCHEZ e F. HERNÁNDEZ (2005). «Paleoecología y comportamiento humano durante el Pleistoceno superior en la comarca de Liébana: la secuencia de la Cueva de El Esquilieu (Occidente de Cantabria, España)». *Actas de la Reunión científica. Neandertales cantábricos, estado de la cuestión*. R. Montes Barquín e J. A. Lasheras Corruchaga, Monografías del Museo de Altamira. 20: 461-487.
- BUTZER, K. W. (1967). «Geomorphology and Stratigraphy of the Paleolithic site of Budiño (Province of Pontevedra, Spain)». *Eiszeitalter und Gegenwart* 18(Ohringen/Würt, 31-12): 82-103.
- CANO PAN, J. A. (1991a). «El Paleolítico Inferior y Medio (Arqueología)». *Prehistoria e Historia Antigua. Galicia-Historia*, Hércules Edicións. 1: 45-78.
- CANO PAN, J. A. (1991b). «El yacimiento de Fiales (Oia, Pontevedra)». *Gallaecia* 12: 19-27.
- CANO PAN, J. A. e J. M. VÁZQUEZ VARELA (1986). «Nuevas aportaciones al estudio de las industrias liticas del suroeste de Galicia: la prospección de 1984». *Studia Zamoriensa Historica* 7: 267-304.
- CANO PAN, J. A., E. AGUIRRE, F. GILES PACHECO, A. SANTIAGO PÉREZ, J. M. GUTIÉRREZ LÓPEZ, E. MATA ALMONTE, J. GRACIA PRIETO, L. AGUILERA RODRÍGUEZ e O. PRIETO REINA (1997a). «Evolución del Pleistoceno en la cuenca baja del Miño, sector la Guardia-Tuy. Secuencia de los primeros poblamientos humanos y registro arqueológico». En: J. Rodríguez Vidal (Ed.): *Cuaternario Ibérico*: 201-212.
- CANO PAN, J. A., M. P. FUMANAL, C. FERRER, J. USERA, A. M. BLÁZQUEZ e J. OLMO (1997). «Evolución de la costa meridional de Galicia durante el Cuaternario Superior». En: J. Rodríguez Vidal (Ed.) *Cuaternario Ibérico*: 33-46.
- CANO PAN, J. A., F. GILES PACHECO, E. AGUIRRE, A. SANTIAGO PÉREZ, J. GRACIA PRIETO, E. MATA ALMONTE, J. M. GUTIÉRREZ LÓPEZ e O. PRIETO REINA (2000). «Middle Paleolithic Technocomplexes and Lithic Industries in the Northwest of the Iberian Peninsula». En: C. B. Stringer, R. N. Barton e J. Finlayson (Eds.) *Neanderthals on the Edge*. Oxford, Oxbow Books: 49-57.
- CERQUEIRO LANDÍN, D. (1996). «As Gándaras de Budiño: Prehistoria e historia». En: R. Fabregas Valcarce (Ed.) *Os primeiros poboadores de Galicia; O Paleolítico*. Sada: 47-73.
- COSTA CASAIS, M., R. BLANCO CHAO e A. PÉREZ ALBERTI (1998). «Aplicaciones de la geomorfología al estudio de un yacimiento arqueológico». *Gallaecia* 17: 9-28.
- CRÍADO BOADO, F., Ed. (1991). *Arqueología del paisaje, el área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales: (campanas de 1987, 1988 y 1989)*. Arqueoloxía. Investigación. Santiago de Compostela, Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.
- DE LOMBERA HERMIDA, A. (2005a). «Aplicación del Sistema Lógico Analítico al estudio de un yacimiento gallego. La industria lítica de A Pitteira (Toén, Ourense)». *Gallaecia* 24: 7-33.
- DE LOMBERA HERMIDA, A. (2005b). *La gestión del cuarzo en dos yacimientos del Pleistoceno Medio-Superior. El Locus I de As Gándaras de Budiño (Porriño, Pontevedra) y la Jueria (Girona, Catalunya)*. Tesis de Licenciatura. Departamento de Historia I. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- DE LOMBERA HERMIDA, A. e C. RODRÍGUEZ REILLÁN (e.p.). «Gestión y estrategias de abastecimiento de las materias primas locales (cuarzo, cuarcita y pizarra) en la Prehistoria del Noroeste peninsular». En: Bella, J. Ramos Muñoz, J. M. Gutiérrez López e M. Pérez Rodríguez. (Eds.) *IV Reunión de trabajo sobre aprovisionamiento de recursos líticos en la Prehistoria*.
- DE LOMBERA HERMIDA, A., M. VAQUERO RODRÍGUEZ, S. ALONSO FERNÁNDEZ, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ e R. FÁBREGAS VALCARCE (2008). «A cunca media

- no Miño dentro das ocupacións paleolíticas do NW peninsular». En: E. Méndez Quintas (Ed) *Homenaxe a Xose María Álvarez Blázquez (2). Estudos sobre Paleolítico*. Instituto de Estudos Miñoranos, Gondomar: 321-346.
- ESTÉVEZ, J. e A. VILA (2006). *Una historia de la investigación sobre el Paleolítico en la Península Ibérica*. Madrid, Editorial Síntesis.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., S. ALONSO FERNÁNDEZ, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, A. PÉREZ ALBERTI, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN, M. TERRADILLOS BERNAL, M. R. SERNA GONZÁLEZ e M. VAQUERO RODRÍGUEZ (2008). «Aportacións ó estudo da Prehistoria da cunca media do Miño. Os asentamentos en cova e ó aire libre». *Gallaecia* 27: 63-88.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., S. ALONSO FERNÁNDEZ, A. AMEIJENDA, A. GRANDAL D'ANGLADE, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, A. PÉREZ ALBERTI, M. PÉREZ RAMA, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN, M. R. SERNA GONZÁLEZ, M. TERRADILLOS BERNAL e M. VAQUERO RODRÍGUEZ (2009). «Novos resultados das intervencións arqueolóxicas no sur lucense. Os xacementos paleolíticos da Depresión de Monforte (Monforte de Lemos), Cova Eirós (Triacastela) e Valdivara (Becerreá)». *Gallaecia* 28: 9-32.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., S. ALONSO FERNÁNDEZ, A. AMEIJENDA IGLESIAS, A. GRANDAL D'ANGLADE, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, A. PÉREZ ALBERTI, M. PÉREZ RAMA, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, M. R. SERNA GONZÁLEZ e M. VAQUERO RODRÍGUEZ (en prensa). «Completando o mapa. Novas datacións absolutas para o Paleolítico e Mesolítico do interior galego». *Gallaecia* 29.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, J. A. PEÑA ALONSO, A. PÉREZ ALBERTI, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN e M. TERRADILLOS BERNAL (2007). «Novos achados paleolíticos no interior de Galicia. A Depresión de Monforte de Lemos e as súas industrias líticas». *Gallaecia* 26: 7-33.
- GÓMEZ ORELLANA, L., P. RAMIL REGO e C. MUÑOZ SOBRINO (2008). «Bioestratigrafía para el Pleistoceno superior en el NW Ibérico: datos climáticos y paleoecológicos». *Férvedes* 5: 15-24.
- GRANDAL D'ANGLADE, A. (1993). *El Oso de las cavernas en Galicia, el yacimiento de Cova Eirós*. Sada, Laboratorio Xeolóxico de Laxe. Edicións O Castro.
- GRANDAL D'ANGLADE, A. (1997). «Condiciones en la distribución de macromamíferos en Galicia (NW Península Ibérica) durante el Cuaternario superior». *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 22: 43-66.
- LLANA RODRÍGUEZ, C. (1990). «José Villaamil y Castro. La investigación paleolítica en la Galicia del Siglo XIX». *Revista de Arqueología*: 52-59.
- LLANA RODRÍGUEZ, C. (1990-91). «Investigaciones recientes en Paleolítico Superior y Epipaleolítico en Galicia.» *Castrelos III-IV*: 7-27.
- LLANA RODRÍGUEZ, C. e M. J. SOTO BARREIRO, Eds. (1991). *Cova da Valiña (Castroverde, Lugo): un xacemento do Paleolítico Superior Inicial en Galicia: (campañas de 1987 e 1988)*. Santiago de Compostela, Consellería de Cultura. Xunta de Galicia.
- LLANA RODRÍGUEZ, C., M. MARTÍNEZ CORTIZAS e P. RAMIL REGO (1992) «Algunas consideraciones acerca de la estratigrafía y del marco temporal para los yacimientos al aire libre del Paleolítico Final y Epipaleolítico en Galicia». *Zephyrus*, 44-45: 155-166.
- LLANA RODRÍGUEZ, C., R. VILLAR QUINTEIRO e A. MARTÍNEZ CORTIZAS (1996). «Secuencia paleoambiental y cultural de la cueva de A Valiña (Castroverde, Lugo): Una ocupación chatelperroniense en Galicia». A. Pérez Alberti, P. Martini, W. Chesworth e A. Martínez Cortizas (Ed.) *Dinámica y Evolución de Medios Cuaternarios*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela,; 97-112.
- LÓPEZ CORDEIRO, M. M. (2001). *Estudio de depósitos con industrias líticas del Paleolítico Inferior y Medio en la cuenca media del Miño (Ourense)*. Santiago de Compostela, Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais, IIT, Universidade de Santiago de Compostela.
- LÓPEZ CORDEIRO, M. M. (2002). «Ocupación de espacios graníticos en la Sierra de Xistral: El área arqueológica de Nordés (Valadouro, Lugo)». *Gallaecia* 21: 61-86.

- MAÍLLO FERNÁNDEZ, J. M. (2008). «El Chatelperroniense en el Noroeste de la Península Ibérica». *Férvvedes* 5: 127-136.
- MENÉNDEZ, M., E. GARCÍA e J. M. QUESADA (2005). La transición Paleolítico Medio-Paleolítico Superior en la Cueva de la Güelga (Cangas de Onís, Asturias). Un avance de su registro R. Montes Barquín e J. A. Lasheras Corruçhaga (Eds.). *Actas de la Reunión científica. Neandertales cantábricos, estado de la cuestión*. Monografías del museo de Altamira. 20: 589-617.
- MÉNDEZ QUINTAS, E. (2008). «As ocupacións achelenses das terrazas medias da cunca baixa do Miño». *Gallaecia* 27: 7-33.
- MÉNDEZ QUINTAS, E., R. VILLAR QUINTEIRO, M. SANTONJA GÓMEZ, A. PÉREZ-GONZÁLEZ e M. LEDO BERNÁNDEZ (2006). «Valoración preliminar del yacimiento paleolítico de Portomaior, As Neves, Galicia». *Zona Arqueológica* 7.
- NOGUEIRA RÍOS, S. (1997). «Unha primeira aproximación o estudio dos materiais líticos de Cova Eirós (Triacastela-Lugo)». *Historia Nova* IV: 9-29.
- PÉREZ ALBERTI, A., L. GUITIÁN e P. RAMIL REGO, Eds. (1993). *La Evolución del Paisaje en las Montañas del Entorno de los Caminos Jacobeos*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- PÉREZ ALBERTI, A., R. BLANCO CHAO, M. OTERO OTERO, I. MACÍAS GARCÍA e J. LÓPEZ BEDOYA (2009). «Cambios ambientais detectados na costa de Galicia durante o Plistoceno e Holoceno e dinámica actual». En: V. Pérez Muñuzuri, M. Fernández Cañamero e J. L. Gómez Gesteira. (Eds.) *Evidencias e Impactos do cambio climático en Galicia*. Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Santiago de Compostela.
- RAMIL REGO, P. e C. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (1996). «Marco cronolóxico y paleoambiental de la ocupación paleolítica en el NW Ibérico». En: R. Fábregas Valcarce (Ed.) *Os primeiros poboadores de Galicia: O Paleolítico*. Edicións do Castro, 73. Sada: 165-192.
- RAMIL REGO, E. e J. RAMIL SONEIRA (1996). «El fin de los tiempos glaciares en Galicia. Magdaleniense y Epipalolítico». En: R. Fábregas Valcarce (Ed.) *Os primeiros poboadores de Galicia: O Paleolítico*. Edicións do Castro, 73. Sada: 117-147.
- RAMIL SONEIRA, J. (1973). «Paradero de Reiro». *Cuaderno de Estudios Gallegos* 28(84): 23-31.
- RAMIL SONEIRA, J. e J. M. VÁZQUEZ VARELA (1976). «Cuatro yacimientos prehistóricos con industria lítica en la provincia de Lugo». *Gallaecia* 2: 47-54.
- RAMIL SONEIRA, J. e J. M. VÁZQUEZ VARELA (1983). «Primer hallazgo de arte mueble paleolítico en Galicia». *Ars Praehistórica* 2: 191-193.
- RAMIL REGO, P., M. J. IRIARTE, C. MUÑOZ SOBRINO e L. GÓMEZ ORELLANA (2005/2006). «Cambio climático y dinámica temporal del paisaje y de los hábitats en las ecoregiones del NW de la Península Ibérica durante el Pleistoceno superior». *Munibe* 57: 537-551.
- REY SALGADO, J. (1993). *Relación morfosedimentaria entre la plataforma continental de Galicia y las Rías bajas y su evolución durante el Cuaternario*. Madrid, Instituto Español de Oceanografía. Series especiales.
- RODRÍGUEZ ASENSIO, J. A. (1983). *La presencia humana más antigua en Asturias (El Paleolítico Inferior y Medio)*. Fundación Pública de Cuevas y Yacimientos Prehistóricos de Asturias. Oviedo.
- RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1976). «Notas sobre el yacimiento paleolítico de A Piteira, Toén (Ourense)». *Boletín Auriense* VI: 25-42.
- SENÍN FERNÁNDEZ, I. J. (1995). *A investigación do Paleolítico en Galicia. Revisión bibliográfica*. Edicións do Castro. Sada.
- VALCÁRCEL DÍAZ, M., R. BLANCO CHAO, A. MARTÍNEZ CORTIZAS e A. PÉREZ ALBERTI (1998). Estimación de las paleotemperaturas en Galicia durante el último ciclo glacial a partir de datos geomorfológicos y climáticos. En: A. Gómez Ortíz e F. Salvador Franch. (Ed.) *Investigaciones recientes de la Geomorfología española*. Barcelona: 767-770.
- VAQUERO RODRÍGUEZ, M., S. ALONSO FERNÁNDEZ, C. A. FERNÁNDEZ, A. AMEIJENDA IGLESIAS, H. BLAIN, R. FÁBREGAS VALCARCE, G. GÓMEZ MERINO, A. DE LOMBERA HERMIDA, J. M. LÓPEZ-GARCÍA, C. LORENZO MERINO, M. LOZANO, C. RODRÍGUEZ RELLÁN, J. ROSELL ARDÈVOL e M. R. SERNA GONZÁLEZ (2009).

- «Nuevas dataciones radiométricas para el Paleolítico Superior en Galicia: La cueva de Valdavara (Becerreá, Lugo)». *Trabajos de Prehistoria* 66(1): 99-113.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (2000). «El Paleolítico en el Noroeste de la Península Ibérica». *SPAL* 9: 69-96.
- VIDAL ENCINAS, J. M. (1982). «Las Gándaras de Budiño: Balance preliminar de dos campañas de excavaciones (1980-1981)». *El Museo de Pontevedra* xxxvi: 91-114.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (1997). «El yacimiento paleolítico de A Piteira (Toén) Ourense». *Boletín Auriense* xxvii: 9-25.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (1998). «El yacimiento paleolítico de Pazos en San Ciprián de Viñas (Ourense)». *Boletín Auriense* xxvii: 9-25.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (1999). «El yacimiento de A Chaira, San Cibrán de Lás (Ourense)». *Boletín Auriense* xxix: 9-22.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (2007). «La Cueva del Rei Cintolo (Lugo, Galicia): algunos datos cronoarqueológicos de la galería superior». *Gallaecia* 26: 31-53.
- VILLAR QUINTEIRO, R., Ed. (2009). *Chan do Ceireixo (Donas, Gondomar): una actualización del Paleolítico Inferior en Galicia*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.